

COLECCIÓN



IES. CABO ORTEGAL

GAUÑO

elis

GOLFIÑO nº 8, ano 2005, IES Cabo Ortegal.


PORTADA.....	Elías Rodríguez Landrove
FOTOGRAFÍA.....	Samuel Ramos Armada Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente
MAQUETACIÓN.....	Bibiana Barcia Fraga Beatriz Fernández Mourente Socorro Rey Rego
COMICS.....	Arancha Breijo Martínez
REDACCIÓN.....	Bibiana Barcia Fraga M ^a Carmen Luaces Martínez Ángela Valadés Armada Andrea Pita Ponce Samuel Ramos Armada Cristina González Sola Arancha Breijo Martínez Carolina Ramonde Soto Ánxeles Souto Domínguez Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente
COORDINACIÓN.....	Ánxeles Souto Domínguez
IMPRESIÓN.....	MUNDOGRAF S. C.



Bibiana Barcia



Samuel Ramos



Andrea Pita

CONTIDOS

Editorial.....	5
A Historia do IES Cabo Ortegal.....	6
MÚSICA: A Agrupación de San Xiao do Trebo.....	8
Cóntame.....	10
Os nosos concursos e festas.....	12
No Museo da Estampa.....	17
DEPORTES:	
O Cariño C.F. no IES Cabo Ortegal.....	19
Visita ao Mundo do Fútbol. Entrevistamos a Valerón.....	21
Comics.....	26
Axenda 2004/05.....	29
Cariño no tempo.....	31
Enquisa: As fins de semana en Cariño.....	33
VIAXES:	
Bon Voyage!.....	35
Viaxamos a Salou.....	37
Os nosos escritores.....	39
Pasatempos.....	44



Arancha Breijo



Carolina Ramonde



M^{ra} Carmen Luaces



Ángela Valadés



Cristina González

AGRADECEMENTOS

Ante a petición de axuda que fixemos dende a redacción ás empresas e establecementos locais só algúns responderon e colaboraron con nós axiña. Por esta razón queremos agradecerlles as súas aportacións a:

LIBRERÍA AGARIMO

LIBRERÍA ABRENTE

DEPORTES LUIS

FOTO LUISMY

CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL

INFOSYSTEMS

e

NOVEDADES PRIETO

Tamén queremos dar as grazas, pola súa colaboración desinteresada, ós profesores e profesoras que contribuíron cos traballos dos seus alumnos para a revista.

Moitas grazas a todos !

PARABÉNS

Damos a noraboa ó noso Grupo de Teatro polo premio acadado no último Certame de teatro da campaña "Entre nós, en galego" coa obra "A Ramón e a Balbina tocoulles a lotería". Bo traballo, seguides así. Fixéstesnos pasalo moi ben.

EDITORIAL

Con este número iniciamos unha edición anovada da revista Golfiño. Temos un equipo de redacción de alumnos e profesores como unha revista profesional, con seccións fixas e colaboracións. Pero esta non é a única novidade deste ano. Quixemos presentar o Golfiño VIII coa estrea do novo IES Cabo Ortegá. Botaremos de menos o antigo centro xunto á praia da Basteira, pero gañaremos en instalacións.

Temos moitas cousas que contarvos. Os alumnos da revista cubrimos todas as novas que foron xurdindo ó longo do curso: festivais, concursos e saídas. Entrevistamos a xogadores do noso equipo de fútbol local, a algúns integrantes do grupo de gaitas "San Xiao do Trebo" e ó gran xogador do Depor, Valerón.

Asemade, estivemos en París na viaxe de estudos cos alumnos de 1º de Bacharelato e en Salou cos alumnos de 4º ESO. Por fin saímos ó estranxeiro!

Publicamos obras en prosa e poesía dos nosos escritores. A verdade é que hai auténticos xenios entre nós. Recibimos as vosas cartas no noso buzón verde.

Por último, ofrecemos pasatempos, feitos por alumnos, nas catro linguas do centro para que vos entreteñades.

Esperamos que vos guste ler a revista tanto como a nós facela.

Ata pronto!

O EQUIPO DE REDACCIÓN

A HISTORIA DO NOSO CENTRO



Para a construción do instituto, a asociación de veciños de Cariño tomou a iniciativa na loita do pobo para que este non se construira en Santa Marta de Ortigueira senón en Mera; xa que así estaba mellor situado, xeograficamente falando. Houbo unha manifestación en Sta Marta e a consecuencia disto levouse a cabo outra en Cariño. Unha manifestación pro-ubicación do instituto en Mera. É difícil de sintetizar a unión e solidariedade, a lección de civismo, que as xentes de todas as zonas participantes deron. Desde as tres da tarde –cos establecementos públicos pechados polos donos en solidariedade—empezaron a chegar persoas de todos os pobos da comarca ortegana e mais dos concellos afectados, habendo representacións de Figueiroa, A Pedra, Sismundi, Feás, Landoi, San Adrián, Campo do Hospital, A Barqueira, Somozas, Moeche, Cerdido, Montoxo, Esteiro, Mera Darriba, Espasante, Mera, Cedeira (estas dúas últimas representacións numerosísimas) e por suposto Cariño, que se botou á rúa. Tamén estiveron presentes representacións da AA.VV. de Cedeira, coordinadora de asociacións de Ferrol; ademais na sede da AA.VV. de Cariño recibíronse moitos comunicados de adhesións de centrais sindicais e partidos. Era moita a xente que foi, unhas 10.000 persoas (cando a cabeza chegaba á Confraría, aínda a xente saía da Solana, lugar de saída, a 1 km de distancia), empezou sobre das cinco da tarde. Tamén eran moitas as pancartas, entre 30 e 90, polo que é imposible dar conta dos textos, moitos deles aludían a xustiza da ubicación do instituto en Mera. Cando a xente chegou á confraría pediron a dimisión do alcalde. A continuación, e desde a Confraría, dirixíronse os manifestantes, os portavoces da comisión, dando as grazas a todos polo comportamento e alentando aos pobos da zona a seguir vencellados e firmes en defensa das causas xustas. Rematouse o acto co Himno Galego.

O día 28 de outubro de 1977 saíron na voz de Ortigueira estes títulos: "Día de xúbilo na comarca, na próxima semana darase comezo a construción do instituto de Ortigueira". Ben,

sería de xúbilo para os de Sta Marta. Pero para o resto dos afectados foi un dos días máis doentes que se lembran. A raíz disto é cando a Xunta de Veciños de Cariño, espertada polo xerro de auga fría, comeza a loita dando un toque de alarma ao pobo. Este reaccionou moi axiña. Xuntáronse todas as entidades e agrupacións e así comezou a loita. O 12 de novembro de 1977 unha representación da asociación de veciños de Cariño entrevistouse co Delegado Provincial de Educación acompañados por representacións de diversas entidades da localidade. Despois dunha razoada exposición dos argumentos nosos. O señor delegado comprendeu a postura nosa que falaba no nome de toda a zona afectada e prometeu levar ao ministro inmediatamente o “dossier” para que a superioridade obre en consecuencia. E por fin tivemos instituto. No ano 1978 comezouse a impartir o 1º curso de BUP no instituto polo que tanto loitara o noso pobo, xa está en rodaxe; pero ó mais importante é que 37 xóvenes alumnos tiveron a posibilidade de estudar sen saír do pobo.

Para atender ao ensino deste 1º curso de BUP contabamos con tres profesores procedentes de fóra, e estes portaban a meirande inqueda dunha educación integral. Eran Manuel Vilariño, M^a del Carmen Novoa e Inés Ruíz. En 1980 atopabamonos un novo edificio ao que todo o mundo chamaba “instituto” nome mal dado, pois o edificio foi feito para a formación profesional (F.P.). Segundo ano: a máis alumnos, máis profesores, mais as mesmas condicións. Nestes dous primeiros anos existe unha loita continua por parte do profesorado e a dirección do centro por mellorar as condicións de Cariño. Terceiro ano: na confraría xa non collían nin alumnos nin profesores, e chegou a salvación! O centro de FP, popularmente coñecido como “instituto”, cedeu unha planta para as actividades de BUP. Xa había aulas novas, faltaba todo o demais.



Pouco a pouco foise realizando o soño do pobo de Cariño de contar cun IES novo, aquí o vemos como é hoxe na actualidade. Pero para ver esta foto tiveron que pasar moitos anos de loitas.

Nembargantes, o tempo pasa tanto para as persoas como para todo o demais, e este instituto noso xa leva moitos anos “aguantándonos”, e élle hora de que quede na nosa lembranza, e dea paso a unha nova etapa ao futuro instituto ubicado na Lagoa.

Samuel Ramos Armada

O GRUPO DE GAITAS SAN XIAO DO TREBO



A banda nunha actuación en Madrid no ano 2004.

Entrevistamos a dous compoñentes do coñecido grupo de gaitas de Cariño "San Xiao do Trebo": un exalumno, Álvaro, actualmente estudiando Filoloxía Inglesa na Universidade da Coruña; e un alumno, Alberto, que cursa 2º de Bacharelato no Instituto.

- 1) ¿Como vos chamades?
Álvaro Abella (Full) e Alberto Piñeiro (Perry)
- 2) ¿Cantos anos levas no grupo San Xiao do Trebo?
Seis anos na banda.
- 3) ¿Como se chama o voso director? ¿Estades contentos con el?
Miguel Crego. Sí, moito
- 4) ¿Saístes algunha vez de Galicia? ¿Cando? ¿A onde?
Si. No verán; a Portugal, Valladolid e Madrid na final do concurso.
- 5) ¿Pasádelo ben na banda?
Sí, moi ben.
- 6) ¿En que ano se fundou o grupo San Xiao do Trebo?
No ano 1991, como grupo de 12 ou 13 cuartetos, e como banda no ano 1998.
- 7) ¿Cantos sodes? *35*
- 8) ¿Gustavos moito actuar? *Sí, moito.*

- 9) **Imaxinade que o voso director se quere ir do grupo, ¿Que fariades vós para impedi-lo?**
Iríame con el, depende da razón.
- 10) **¿Algunha vez botovos o voso director do ensaio?** *Non*
- 11) **Se deixaras a banda, ¿que farías?** *Meterme noutra banda.*
- 12) **¿Cantos anos levades?** *5 anos tocando*
- 13) **¿Que tipo de música interpretades?** *Tradicional, galega e escocesa.*
- 14) **¿Que instrumento tocades?**
Tamboril, caixa china, bombo, pandeireta e gaitas galegas.
- 15) **¿Cando ensaiades? ¿Onde?**
Os venres e os sabados. Na Casa da Cultura.
- 16) **¿Canto tempo adicades o ensaio?** *Dúas horas.*
- 17) **En xeral, ¿cobrades por actuación? ¿En que o empregades?**
Si. Van para a asociación e cobran en cuartetos. En reparacións de instrumentos e comidas.



Álvaro (2º pola esquerda) e Alberto (4º) xunto a outros dous compoñentes, tamén alumnos, Norma e Pablo, de 2º Bacharelato.

○ *director responde:*

- 1) **¿Como se mantén economicamente a banda?**
Con subvencións públicas e actuacións.
- 2) **¿Que idades teñen os componentes?** *Entre oito e corenta e cinco anos .*
- 3) **¿Son puntuais ós ensaios?** *Non; a maioría si.*
- 4) **¿Que tipo de relación tes cos membros da banda?** *Moi boa; con eles de amizade.*
- 5) **¿Podes contarnos algunha anécdota curiosa que tiveras nalgunga actuación?**
Mais ou menos son todas parecidas: horas de autobús, nervios e baixadas para preparar todo para a actuación. E de volta ao autobús, sempre pasan cousas.
- 6) **¿Que pensas da mestura de distintos estilos como jazz, folk., rock...?**
Non me gustan moito, prefiro algo máis tradicional. Hoxe en día pedímoslle moito á gaita.
- 7) **¿Que opinas de artistas como Carlos Núñez, Fía na Roca...?**
Supuxeron un pulo moi grande para dar a coñecer a gaita galega no mundo.

Ángela Valadés Armada

CÓNTAME

Recibimos no noso buzón verde varias cartas vosas contándonos cousas e queremos dar resposta a todas as preguntas, inquedanzas e problemas.

Teño 15 anos. En casa teño problemas, os meus pais péganme. Meu pai bebe e pégalle á miña nai. Que podería facer? Podedesme axudar? Non quero que ninguén saiba quen son. Dádeme unha resposta.

De Anónimo

Ante problemas coma este o que hai que facer é acudir á policía pero se non queres ir ti só (a) sempre podes contarlo a alguén de confianza, unha persoa da túa familia na que confíes ou mesmo un profesor do centro que de seguro que calquera che axudará. Seguro que todo se soluciona.

Son unha rapaza de 2º ESO que che quere dicir que eres moi "guai" e moi bo rapaz (e ademais moi guapo). Ji, ji, ji. Se queres quedar comigo, pois xa nos vemos no "Marcha verde" un día destes. Vouche guiñar un ollo e ti xa saberás quen son. A ver se algún día podemos quedar xuntos e saír. Cando che vexo árdeme o corazón. Escriboche esta carta á revista porque é a única forma de falar contigo. TKM. As miñas iniciais son M.B.V. Un bico desde o máis profundo do meu corazón.

P.D.: Oxalá algún día te poida bicar baixo a lúa chea que ilumina o mar...

Un bico moi grande para ti, meu amor.

De M.B.V. para Samuel de 1ºBAC

Supoño que esta carta irá dirixida para Samu xa que é o único rapaz da revista. Na miña opinión estas cousas é mellor dicilas cara a cara, Samu é un rapaz moi simpático e é normal que teña a moitas rapazas detrás del pero quizas deberías pensar en que é un pouco maior para ti. Aínda que eu apoio que no amor non existe a idade tamén é certo que non quero ningún mal para o meu amigo e dentro de pouco cumprirá 18 anos e non quero ser eu quen leve a culpa de determinados problemas xudiciais. Je...je...

Ola! Non vou dicir o meu nome, porque dáme vergonza. Teño un problema, o meu noivo ten moitos grans por toda a cara, é moi feo e ten gafas. Todo o mundo se ri del. Que podo facer? Dígolle que non o quero?

De Anónimo

A verdade nena, se tes noivo e o queres non che debería importar o que digan os demais, xa que o que importa non é o físico. Claro que tendo en conta como falas del o mellor será que o deixes, xa que onde non hai amor é mellor que tampouco exista a mentira, aínda que unha boa pomada pódete axudar.

Ola!, son un admirador segredo teu. Gústame moito o teu pelo, os teus ollos e a túa personalidade. Non sei que facer para que te fixes en min. Chámome... je,je. Para ti son a agüa do amor, se queres coñecerme quedamos no Messenger. A miña dirección é: tequieromuchomivida_micorazonetaloco@hotmail.com

De Anónimo para Bibiana de 1ºBAC

Xa vexo que polo nome que empregas eres un paxaro de altos "vos"; pero tamén, coma ti xa saberás, unha ave rapiña. Personalmente, non sei con cal dos calificativos quedarme. Espero o teu consello. Vexamos:

1. Os ollos, o pelo, a personalidade e todo o demais que poseo é a base de cultivo e bo terreo, sen fertilizantes industriais. TODO NATURAL! Vale!
2. A ornitloxía non é o meu forte. Eu prefiro as matemáticas, o razoamento e por tanto a realidade. Sabes por que? Por que aquí $2+2=4$, por moitas voltas que lle des e toda a parafernalia que lle queiras meter.
3. Por último, engadir, que debo darche as miñas efusivas gracias por fixarte na miña humilde persoa; pero rapaz síntochó! O meu reloxo está en hora, non anda nin adiantado, nin atrasado, senon puntual, por algo é un Viceroy.je...je...

E remato dicíndoche: Deséxoches toda a sorte do mundo, segue a túa traxectoria e voa, voa meu rei que de seguro atoparás outra agüa coma ti, que te comprenda mellor que eu e deste xeito, estaredes coma dous "perritos calientes" na mesma plancha, con salsa de tomate, ketchup, mostaza e toda a trapallada.Un biquiño e boa sorte.

Son un chaval de 4º ESO e dende hai uns anos teño problemas coas drogas. Todo comezou fumando uns porros cos colegas e así cheguei a estar enganchado á cocaína. Sempre consumo as fins de semana, e que é un problema moi grave. Ata cheguei a roubarlle os cartos ós meus pais para mercala. Gostaría saír pero teño vergoña de decirllo ós meus pais, porque se non o deixo calquer día acabarei tirado polo chan. Eu non quero acabar así (no jaco).

Coa droga non me poden concentrar cando estou na clase, suspendo por culpa diso e as rapazas non me queren.

Por favor, necesito axuda rapidamente. Chámome..., pero non quero que ninguén saiba quen son. Non publiques o meu nome na revista.

De Anónimo

Debes dirixirte a unha persoa da túa máxima confianza e contarlle todo isto que nos estás dicindo, entre os dous atoparedes unha solución. Tamén podeades informarnos no concello por medio da asistente social.

Non esperes máis tempo, tes que solucionar ese problema inmediatamente porque senón meteraste nun calexón sen saída que é o mundo da droga.

Desde aquí desexámosche moita sorte. **ÁNIMO!**

**Quixera ser formiguiña
Para subir ao teu balcón
E decirche ao teu oído
Que estou por ti bombón!**

De Anónimo para Roberto de 1º

BAC

A ver nena, supoño que xa terás suficiente idade como para poder dicirllo á cara e non andarnos con mixiricadas. Seguro que a Roberto non lle ha de importar que lle digas esas cousas e se lle importa pois xa cho dirá e a por outro! A vida é curta. *Carpe diem!*

A través desta carta quero expresar o meu amor por unha rapaza chamada Ana. Ana é unha moza que, maila distancia que se interpón entre nós (ela vive en Santander), lévoa no corazón desde o primeiro día no que a vin. Eu acostumo ir de vacacións a Cantabria e sempre que estaba preto dela percorríame un sentimento, mestura de nervios e emoción. Ao contemplar a súa longa melena loira, os seus ollos azuis coma o ceo resplandecente dunha tarde de verán, sentín o impulso de bicar os seus carnosos beizos. Cando eu voltaba das vacacións sentín unha gran frustración por reprimir os meus sentimentos. Agora cada vez que penso nela escoito o vento susurrar...**ANA! Quérote! Sempre teu.**

De Anónimo

Non debes reprimir os teus sentimentos, debes buscar a maneira de achegarte a ela e declararlle os teus máis íntimos pensamentos porque senón vas sufrir moitísimo e ao mellor dentro dalgúns anos recriminaraste non haber tomado esa decisión que agora che está pesando.

Mira rapaz, non vexas a vida a través dun cristal tan negro, a vida ten moitas cores e nin todo é negro ou branco, hai unha grande gama de grises. **ESPABILA!**

Bibiana Barcia Fraga

OS NÓSOS CONCURSOS E FESTAS



O Nadal

« Concurso postais de nadal »

Lingua Galega.

Nivel 1- Manuel Novo López-2º ESO A

Nivel 2- Carolina Ramos Crego-4º ESO B

Lingua Castelá.

Nivel 1-Patricia Fernández Villar-1º ESO A

Nivel 2-Virginia Martínez Díaz- 4º ESO B

Nivel 3 – Marcos Prieto Paineira- 1º Bacharelato A

Lingua Inglesa

Nivel 1-Nerea Fontela Ferro-2º ESO B

Nivel 2-Carolina Ramonde Soto-4º ESO C

Lingua Francesa.

Nivel 1-Jessica Rubido-2º ESO A

Nivel 2-Premio ex aequo:Laura Quiza Lago-3º ESO A e Lorena Pedre Carrodegas-3º ESO A

Nivel 3-Noelia Perez Garrote-2º Bach.B

Premios da campaña de animación á lectura:

Anael López Novo-1º ESO A e Iria Carla Barcia-4º ESO B

Entroido



MELLOR CARETA: Manuel Schena López - 3.º ESO C



MELLOR COMPARSA:

Tatiana López, Samuel Ramos, Laura Fustes,
Noelia López, Montse Abella, Diego Santiago,
Lorena Santiago
e Bibiana Barcia - 1º Bacharelato A e B

MELLOR DISFRAZ:
Corina Luaces Martínez - 4.º ESO B



San



Valentín

L. Castelá - Lucía Yáñez Aneiros, 2ºESO A.

L. Galega - Lucía Yáñez Aneiros, 2ºESO A.

Inglés- Jessica Rubido Soto, 2ºESO A.

Francés- Jessica Rubido Soto, 2ºESO A.

MODALIDADE CARTA- Noemí Quiza Luaces 1ºBACH.B

San Andrés de Teixido

• RELATO CURTO - 1º CICLO ESO:

Martín Armada Armada, 1º ESO B.

Noelia Pérez Fernández, 1º ESO B.

• POESÍA- 1º CICLO ESO:

Adán Pita Pego, 2º ESO A.

Nerea Fontela Ferro, 2º ESO B.

• ANIMACIÓN Á LECTURA:

Aitor Landrove Rúa, 1º ESO A; Sofía Varela Fuentes, 1º B; Gabriel Díaz Caneiro, 1º ESO A; Patricia Fernández Villar, 1º ESO A; Anael López Novo, 1º ESO A; Mª Carmen Luaces Martínez, 1º ESO A; Sara Mandiá García, 1º ESO A.

As Letras Galegas



Bibiana e Samuel abrindo o festival



Iván Fernández recitando, Leticia Bellón á guitarra.



Coreografía alumnas 2º ESO



A Agrupación folklórica do centro.



A Agrupación do IES Cabo Ortegal, «Empatía»



Paulo, Dani e Iván antes das súas actuacións



Adán Vale, M^ª Carmen Luaces e Ángela Valadés recitando




O noso grupo de teatro, recentemente premiado, representando «Ramón e Balbina no Caribe e sen guía»

NO MUSEO DA ESTAMPA


Un grupo de alumnos e alumnas de Plástica visitaron o Museo da Estampa de Betanzos nunha actividade, organizada polo Departamento de Debuxo do IES Cabo Ortegá, e participaron nun obradoiro de gravado creando unhas auténticas obras de arte das que vos ofrecemos unha mostra..



O grupo nas escaleiras do Museo xunto co Director e o responsable do Obradoiro.



O pequeno demo de Elías Rodríguez Landrove,
1.º Bacharelato A.



O sol entre as montañas dende o mar de
Sandra Deus Garrote, 4.º ESO A.



Unha estrela de Diego Álvarez Vizoso, 3º ESO C.




Unha espiral de Laura García Ruiz, 4.º ESO B.



Traballando no obradoiro de gravado. ¡Que concentración!



Un rostro cunha estrela de Virginia Martínez Díaz de, 4º ESO B.



Froles e estrelas de Miriam Rodríguez «Muska» de, 3º ESO B.

○ CARIÑO C.F. NO IES CABO ORTEGAL

O deporte do fútbol en Cariño desenvólvese no tempo a través de diferentes etapas. Os primeiros tempos dos que conseguimos ter noticias, datan entre os anos 1935 e 1945. En tales datas non existían en Cariño instalacións axeitadas, como pode ser un campo de fútbol, pero había unha praia. As primeiras agrupacións deportivas utilizan a area como base para a práctica do deporte que por aquel entón comezaba a sentirse nesta localidade.

Sobre a area seca chantábanse unhas porterías e nalgúns casos o largueiro era unha corda ben tensada e alí por costume desenvolvíanse moi ben os locais, mentres que os que viñan como visitantes atopaban fortes dificultades. Vilalba, As Pontes, Cedeira e Ortigueira, eran os rivais máis frecuentes. Pero incluso o Racing de Ferrol parece ser que veu xogar nalgunha ocasión. Nin que dicir ten que case sempre xogaban os locais sobre un campo de area seca ao que estaban habituados.



Daquela época poderíanse citar a xogadores coma Feliciano de Pumar, Pepe Santiago, Manolo do Plateiro, Armando Laviña, Manolo de Pepe de Caralla, etc. Merece a pena lembrarse tamén do "Cuarta", un sensacional dianteiro centro, valente e moi bo rematador, e de Benigno Abella.

Ano 2005, IES Cabo Ortegál.

Alumnos e xogadores: **Kilian Ramil**, 1º ESO B (infantil); **Diego Santiago**, 1º Bacharelato A (xjuvenil); **Javier Balado**, 1º curso Ciclo Informática (modesto)



Kilian, Diego e Javier nun momento da entrevista.



Kilian



Diego

1.-A que idade comezaches a xogar ó fútbol?

- Kilian: Aos 6 anos. - Diego e Javier: Aos 10 anos.

2.- Influeu a túa familia na túa decisión?

- Kilian, Diego e Javier: Non.

3.- Cantos días á semana entrenades?

- Kilian, Diego e Javier: 3 días.

4.- Canto tempo?

- Kilian, Diego e Javier: 2 horas cada día.

5.- Merece a pena tanto sacrificio?

- Kilian, Diego e Javier: Si.

6.- Por qué merece a pena tanto sacrificio?

- Kilian: Para aprender a xogar mellor ó fútbol. - Diego e Javier: Para estar en forma.

7.- Cal é o voso xogador preferido no posto en que xogades?

-Kilian: Giuly - Diego: Coloccini - Javier: Non hai ninguén mellor ca min.



Javier, coñecido como «Mara»

7. Que vos parece que non vos convoquen para os partidos?

-Kilian, Diego e Javier: Dáme igual.

8. É tan duro o entrenador para chegar a esas decisións?

- Kilian, Diego e Javier: Non.

9. En que equipo vos gustaría xogar?

-Kilian: Barça. -Diego e Javier: Real Madrid.

M^a Carmen Luaces Martínez

Andrea Pita Ponce

Visita ao Mundo do Fútbol. Entrevistamos a Valerón.

Unha vez postos en contacto co Xefe de Prensa, Rafael Carpacho, do Clube Deportivo da Coruña, e solicitada unha entrevista cun xogador do clube a resposta foi inmediata. Non habería problemas, só tiñamos que decidir a quen queriamos entrevistar, e cando. O equipo de redacción na súa seguinte reunión debateu e decidiu que Valerón sería o xogador elixido. O día sería o mércores 26 de Xaneiro e o lugar as instalacións que o Deportivo ten en Abegondo e se coñecen como o Mundo do Fútbol. As preguntas foron seleccionadas entre as propostas polo alumnado do centro que farían a un xogador do Depor para unha hipotética entrevista que non saberían realmente que se ía facer, xa que foi unha sorpresa ata o final, cando viron na prensa que uns alumnos do instituto estivemos entrevistando a Valerón.

O día da visita, un autobús estaba ás portas do centro preparado para levar aos nove alumnos de visita xunto coa profesora de Relixión, Socorro, que tamén colabora con Golfiño. Ás nove da mañá saímos nun día bastante frío todos moi ilusionados.

Chegamos ao Mundo do Fútbol, vimos o adestramento e fomos non só entrevistadores senón tamén entrevistados por dous diarios deportivos e o canal local de televisión "Telecoruña". Antes de entrar na Sala de Prensa, fixemos unhas preguntas a Luque, que foi moi simpático, e Carolina deulle uns chicles a Irureta.



No autobús de camiño a Abegondo



O equipo de redacción de Golfiño ó completo a súa chegada ás instalacións deportivas.



Nosos alumnos entrevistados por o Diario deportivo «Deporte Campeón»

Samuel gravado e entrevistado polos reporteiros do canal de televisión Telecoruña.



Valerón, na súa entrada na Sala de Prensa, repartindo uns obsequios.



Mauro Silva e Luque saíndo do campo. Este último foi tamén entrevistado polos nosos intrépidos reporteiros.

Golfiño- Onde naciches?

V- Nas Palmas.

G- Cantos anos tés?

V- 29 agora mesmo, son do 75.

G- Cando tiñas a nosa idade, eras bo estudante ?

V- Máis que non ser bo estudante, é que non me gustaba estudar.

G- Cal era a túa asignatura preferida?

V- A literatura e a lingua gustábanme bastante.

G- E a que menos che gustaba?

V- As matemáticas.

G- Cando empeza a túa afección polo fútbol?

V- Desde pequeniño coma a todos os nenos, pero realmente non te plantexas xogar de verdade ata que es máis grande.

G- En que equipos estiveches antes que no Deportivo?

V- No do meu pobo, el Arguineguín.; nas categorías inferiores Das Palmas, na UD As Palmas, Mallorca, Atlético de Madrid e aquí (Deportivo).

G- Sentes de verdade as cores do equipo?

V- Si, ou polo menos inténtoo. En cada clube dou o mellor de min, quero dar o mellor polo clube que me contratou.

G- Atopaste a gusto cos compañeiros?

V- A verdade é que si, estou moi a gusto e iso é importante á hora de estar dentro dun clube coa xente coa que te relacionas e eles son os que están aí nos momentos bos e nos malos.

G- Hai bo ambiente no vestiario?

V- Si, desde que cheguei aquí hai un ambiente bastante bo, levámonos case todos moi ben e estou moi contento por isto.



Todos uns profesionais do preiodismo tomando notas e gravando moi atentos.

G- Que fas cando che da un apretón no medio dun partido?

V- Nunca se me deu o caso, afortunadamente.

G- Levádesvos ben cos xogadores dos outros equipos?

V- A verdade é que si, algún pode ter algún pique con outro pero polo menos eu lévome moi ben con todos os demais.

G- Parécevos ben que os vosos siareiros se pelexen e queimen cousas por vós?

V- Non, a ninguén lle gustan esas cousas para nada. Queremos que a xente veña ao fútbol a pasalo ben, unhas veces sairá máis contenta e outras menos, pero que sexa sempre o deporte o que estea por riba e que nunca conleve nada que poida prexudicar a outras persoas.

G- Que facedes o día antes do partido?

V- Pola mañá entrenamos, despois imos á casa como sempre e concentrámonos no hotel pola noite, ceamos e durmimos ata o día do partido.

G-E o día despois?

V- A veces entrenamos pola mañá pero outras non, máis ben é unha recuperación e se non traballamos, descansamos na casa.

G- Cando o entrenador vos berra no medio dun partido, danvos ganas de berrarlle vós tamén?

V- A veces si pero sempre intentamos tomalo como algo bo. Corríxenos, dános un consello para cambiar o que estamos facendo mal.

G- Cal é o xogador que máis che gusta actualmente?

V- Non che podería dicir ninguén en especial, son moitos.

G- Como vos atopades animicamente despois de xogar a semifinal da Champions a pasada temporada e acabar terceiros na liga e agora elimináronvos da Champions na primeira ronda e estades na parte media da táboa?

V- Non estamos todo o contentos que quixeramos pero intentamos levalo o mellor posible e que as cousas melloren. Intentamos dar o máis positivo para que as cousas vaian a mellor.

G- Pensas como podería ser a túa vida se non foses un xogador de élite, e se non se te coñecese pola rúa?

V- Non, ao mellor pénsalo pero non me importaría non ser futbolista.

G- Necesidades un reparte toallas para o vestiario?

V- Non, que eu saiba, pero se preguntas a todos habería máis votos que si.

G-Por que o Deportivo non fichou a ninguén?

V- Iso é algo que lle corresponde ao entrenador e ao presidente. Nos estamos aquí para facer as cousas o mellor posible, supoño que non hai fichaxes porque non se puido ou porque non se considera necesario. É algo que a quen corresponde enxuzalo non é a nós.

G- Aínda quedan esperanzas para gañar a liga?

V- Esperanzas si pero é moi complicado, agora non é a nosa realidade, temos que remontar postos que é o máis importante.

G- Cal é o equipo a ter en conta este ano?

V- O Barcelona é o equipo máis regular e o que mellor fútbol está a facer.

G-Cando estades no entrenamento e falades ou facedes calquera outra trastada "bótanvos da clase"?

V-Non, se é algo moi forte pode ser que si pero normalmente non se fan cousas como para que pase iso.

G- Cando remates a túa carreira como xogador a que vas dedicarte?

V- Non o sei todavía, pero gustaríame marchar á miña terra e facer algo alí.

G-Que é o máis bonito que che pasou na vida?



V- Considérome unha persoa feliz pola xente que me rodea, a miña familia, e os que sempre me apoiaron e me fan sentir ben.



De esquerda a dereita: Cristina, Arancha, Jessica, Socorro, Andrea, M^ª Carmen, Valerón, Carolina, Bibiana e, diante, Samuel; unha vez rematada a entrevista.

SEQUE O


CONSELLO...



Orixinario de Monterroso, na provincia de Lugo, emigraron a Arxentina.



Naceu o 10 de agosto de 1916 no barco "La Navarre"



Os pais deciden vivir en Nueva Pompeya (Bos Aires) onde cursa estudos de primaria. Fixo o bacharelato nun instituto de Lugo.



Formou parte das Moceadas Galeguistas de Lugo, logo foi a Madrid e comeza a súa actividade intelectual.



Formou parte do equipo de redaccion da revista PAN (Poetas, andantes e Navegantes)




Achegase ao cafe "La Granja del Henar"




O estalido da Guerra Civil



Escribiu ou dirixiu distintos xornais destinados a os combatientes entre eles



Pasa a os Pirineos onde permanece no campo de concentracion de Saint



Nestas condicions chega a Madrid en maio de 1976. Xuntase con moita xente no Cafe Gijon (Celso Emilio Ferreiro, Laxeiro, ...)



Na madrugada do 25 de novembro de 1978 desvanecese na rua e falece na ambulancia que o traslada a clinica.



Posteriormente foi soterrado no cemiterio familiar de Monterroso (Lugo).



Amichas

AXENDA CURSO 2004/05

SETEMBRO

- 17/09/04 Inicio clases de E.S.O
 - 20/09/04 Inicio clases de Bacharelato, Garantía Social e Ciclo Medio "Explotación de sistemas informáticos".
-

OUTUBRO

Posta en marcha do Plan de Actividades Extraescolares do centro.

NOVEMBRO

- 25/09/04 Saída didáctica a Santiago de Compostela. Bacharelato.
 - Semana do 25/04 Concurso de meteoroloxía. Alumnado de Xeografía e Historia de Galicia.
-

DECEMBRO

- 3/12/04 Actividade deportiva intercentros. Ortigueira.
 - Concurso de postais de Nadal.
 - 20/12/04 Festivais de Nadal .Fixéronse dous Festivais, un para o Centro, en horario lectivo, e outro en horario extraescolar para pais, co fin de recaudar cartos para as viaxes de estudos de 1º de Bach. e de 4º de E.S.O.
-

XANEIRO

- 19/01/04 Obra de Teatro: " Ñaque". Casa da Cultura. Compañía Llu-Llu.
 - 25-28/01/04 Semana da Paz e da Solidariedade. Charlas-coloquio sobre o fenómeno da inmigración (na Biblioteca do Centro). Proxección da película " La vida es Bella"(Casa da Cultura).
 - Recaudación de cartos para unha O.N.G (dende Xaneiro ata fin de curso).
-

FEBREIRO

- 4/02/04 Festival de Entroido. Concurso de disfraces, caretas e coplas.
 - Concurso de postais e cartas de San Valentín.
 - 18/12/04 Patinaxe sobre xeo(Coliseum) e concerto didáctico(Pazo de Congressos), na Coruña.
 - 20/02/04 Campaña de recollida de pilas usadas.
 - 21-25/02/04 Semana da Orientación Educativa e profesional. Organizada polo departamento de Orientación.
-

MARZO

- Aulas da Natureza. Alumnos de 1º e 2º de E.S.O. Foron seleccionados dous alumnos de 1º de E.S.O, que marcharán de campamento en xullo.
 - 30/03-04/04 Viaxe de estudos a París(1º de Bacharelato).
-

ABRIL

- 09/04-11/04 Viaxe a Bruselas(Concello-Deputación)- Foron seleccionados 7 alumnos.
- 20/04-07/05 Concurso de Santo Andrés de Teixido.
- 18/ 04 Visita ó Museo da Estampa Contemporánea. Actividade de Gravado(alumnado da E.S.O e Bacharelato) .
- 26/04 Final do Concurso "Tíralle da Lingua". Monólogo dun alumno de 2º de Bach., Pa-

blo Menjíbar no Teatro Principal, Santiago.
26/04- 01/05 Excursión de 4º de E.S.O a Salou-Barcelona.
- 27/04 Teatro " A illa amarela". Casa da Cultura. Grupo Sarabela Teatro

MAIO

- 13/05 Festival das Letras Galegas .Casa da Cultura.

XUÑO

-01/06 -Excursión illas Cíes.
-Excursión Coruña. Visita exposición de dinosaurios, visita guiada ó Castelo de San Antón, visita guiada ó castelo de Santa Cruz(CEIDA).
-20/06 Campeonato fútbol-sala Fin de Curso.Pavillón de Deportes
-28/06 -Entrega de Diplomas alumnado participante en activ. extraescolares.
-Entrega de premios ós alumnos do grupo de Teatro que resultaron gañadores no concurso " Entre Nós, en Galego".

OUTRAS ACTIVIDADES

- Concurso da ONCE. Dpto de Debuxo.
- Campaña de limpeza. Normalización Lingüística.
- Intercambio educativo co I.E.S Antonio Machado de Alcalá de Henares. Dpto de Inglés.
- Xogo da Bolsa (Caixa Galicia). Dpto de Economía.
- Charlas do Dpto de Orientación dirixidas ó alumnado dos diferentes niveis.
- Campaña de animación á lectura.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CURSO 2004-05

MÚSICA - piano, solfeo e agrupacións. (martes, mércores e xoves).

REVISTA GOLFIÑO - os martes/ xoves. Actividade quincenal.

TEATRO - actividade complementaria e extraescolar(recreos e algúns mércores).No 1º trimestre funcionou un 2º grupo de teatro.

BIBLIOTECA - mércores

INFORMÁTICA - mércores

CICLO DE CINE - esta actividade levouse acabo no 1º e 2º trimestre.

CARIÑO NO TEMPO: O casco urbano

Comezamos aquí unha sección na que se vai facer unha viaxe pola historia do noso pobo, mediante a visualización de diferentes fotografías nas que faremos un percorrido polos nosos oficios, festas, tradicións..., e veremos a transformación que sufriu o noso pobo ao longo do século XX.

As fotografías serven para inmortalizar imaxes, acontecementos, pero gardan tamén historias e sentimentos que reaparecen cada vez que nos asomamos a elas.

Mediante estes artigos queremos amosarlles fotografías que devolvan recordos a todas aquelas persoas que viviron a época que nelas se reflicte e que os máis novos aprecien como cambiou o noso pobo co paso do tempo.

Esta sección nace gracias a colaboración de toda a xente que prestou amablemente, e de forma desinteresada, as súas fotografías, ás que estamos moi agradecidos e, dende aquí, chamamos a todos os cidadáns para que sigan colaborando na realización do arquivo fotográfico histórico do noso Concello. Queremos agradecer, por parte do Instituto, a grande axuda que nos prestou o responsable, no Concello de Cariño, deste proxecto.



Anos 50. Apréciase a imaxe da praia de Cariño «A Concha» e no fondo aparece a antiga fábrica «El Centauro».



Anos 40-50. Aparece na foto a antiga fábrica «La Cariñesa», e o edificio actualmente ocupado polo Banco Banesto.



Anos 50. A praza da Pulida.



Anos 50. Divísanse os edificios onde actualmente se ubica a empresa de seguros MAPFRE e a oficina de Correos.



Anos 50. a estrada xeral de Cariño.



Anos 50. a estrada xeral á altura do edificio que albergaba a fábrica de conservas «La Alfonsita».



Anos 50-60. Apréciase a antiga ubicación da lonxa de pescadores.




Anos 50. Porto de Cariño


AS FINS DE SEMANA EN CARIÑO

Este ano no IES Cabo Ortegal o equipo de redacción da revista Golfiño decidimos facer unha enquisa a todo o alumnado sobre o que fan as fins de semana en Cariño. Parécenos interesante o tema pola importancia que se lle dá aquí á chegada dos últimos días da semana. Trátanse temas moi diversos, dende o tempo que se adica á familia, ao lecer, ao deporte e aos lugares de lecer.


CONSUMO DE ALCOHOL




ACOMPANANTE NAS SAÍDAS




TEMPO ADICADO Á FAMILIA




TEMPO ADICADO A SAIR




HORA DE DEIXARSE




HORA DE ENGLERSE



TEMPO ADICADO Ó DEPORTE



LUGARES DE LECER



Despois de vaciar a enquisa chegamos ás seguintes conclusións:

1. O consumo de alcohol é practicamente inexistente no caso dos alumnos e alumnas do 1º ciclo da ESO, ó contrario dos do 2º ciclo e Bacharelato .
2. Na ESO os rapaces pasan unha media de 12 horas coa súa familia ó longo da fin de semana, mentres que son os alumnos de Bacharelato os que menos tempo adican á familia (cunha media de 6 h.).
3. Os alumnos de 1º ciclo da ESO son os que menos tempo adican a saír xa que non superan as 6 horas, namentres que os de 2º ciclo e Bacharelato chegan a superar as 12 h.
4. Os máis trasnoitadores son os maiores (Bacharelato) que en xeral retíranse máis tarde das 5 da mañá e os máis madrugueiros son os máis novos (1º ciclo da ESO).
5. Con respecto aos lugares de lecer, os do 1º ciclo van maioritariamente ao cine, e os de 2º ciclo e Bacharelato van á discoteca (os menos) e aos pubs (os máis).
6. No ámbito que concirne aos deportes a cousa está moi igualada. Case todos os alumnos practican

Bon Voyage!



Pirámide de vidro na entrada do Museo Louvre

Comezamos a nosa viaxe as 3:30 da mañá do mércores día 30 saíndo do instituto nun micro-bus no que ningún rato entraría despois de estar nós "acomodados" nos asentos coas maletas polo corredor.

Chegamos a Santiago, enteiros, e montamos no avión, claro está despois de pasar polo detector no que case nos ispen por olvidarnos de que levabamos o móvil no peto.

Chegamos a París facendo escala en Barcelona sen ningún incidente. Pasamos o día vendo lugares emblemáticos da "Cidade da luz".



O noso grupo diante da Torre Eiffel



Barcos no río Sena e vista xeral de París

Ao día seguinte démonos conta de que París era moi caro, xa que visitamos unhas galerías nas que deixamos a alma e a carteira. Pola tarde unha guía (moi guapiña ela) amosounos o barrio de Montmatre, onde uns negriños queríanse apoderar dun dedo noso para facernos unhas pulseiras. Pero aí non remataría a cousa, se non lles pagabas 5 ou 10 euros por pulseira acordaríanse da túa nai. Tamén visitamos a Torre Eiffel dende onde escupimos, e fixemos unha excursión en barco polo Sena.

O día 1 pola mañá "visitamos" o Louvre. Visitamos, entre comiñas, xa que só vimos a Gioconda e nos fomos outra vez para as Galerías. Supoño que tiñamos a esperanza de recuperar as nosas carteiras. Pola tarde visitamos Versailles onde poidemos remar polo lago.



Noemí, Tatiana, Samuel, Bibiana, Estefa, Marta, Ángela e Raquel diante do Palacio de Versailles

O sábado fomos, por fin, a Disneyland onde volvemos á nosa nenez e berramos como nunca o fixeramos. Uns cantos intentaron botarlle os trastos á "Cenicienta", pero puxo o pretexto de que estaba co príncipe azul. Ao día seguinte collemos rumbo a Burdeaux; polo camiño visitamos un castelo e chegamos para cear. Desta vez poidemos cear algo distinto a polo, xa que por Francia os polos deben ser moi grandes, porque non faciamos outra cousa máis que comelos. Esa noite debía ser lúa chea, noite na que a xente se transforma e pódeste atopar con catro rapazas das que ti xurarías que sempre as viras como rapaces...



O luns voltamos en bus, con máis espazo que o primeiro día, e con ganas de ver aos nosos amigos e familiares. Esa noite disfrutámola coma ningunha nas nosas camas. Para rematar esta reportaxe queriamos dar as grazas a todos os que fixeron posible esta viaxe. A Isabel, por axudarnos a que todo saíra ben, aos profesores que axudaron a que puidéramos ir, comprándonos moitos artigos que puxemos á venda e por último queremos agradecer moitísimo a Javier e a Cristina que accederan a vir a París e que confiaran en nós á hora de darnos liberdade. Esta viaxe nunca a olvidaremos grazas a todos vós.



Os autores desta reportaxe, en Disneyland

***Bibiana Barcia Fraga
Samuel Ramos Armada***

VIAXAMOS A SALOU

Saímos de Cariño do Instituto ás 10 da noite, pasámola noite no bus. Ás 3 da mañá paramos en León nunha estación de autobuses para cambiar de condutor. Tomamos rumbo hacia Logroño onde alí paramos a almorzar sobre as 7 da mañá.

Despois chegamos a Zaragoza sobre as 10 para ver o Pilar e algún que outro monumento. Detrás da catedral do Pilar encontrábase unha plaza onde alí aproveitamos para sacar algunhas fotos. Logo fomos hacia Salou a estacionarnos no hotel, comemos e desfixemos as maletas, algúns quedaron con ela sen desfacer ata que volvemos a Cariño.

Tivemos toda a tarde libre, para facer o que quixeramos, algúns aproveitaron para comprar, xa, os agasallos para os familiares e outros foron á praia e á piscina. Despois de cear saímos, fomos a unha discoteca, onde alí... pasámolo moi ben, quedámonos ata as 3 da mañá.

Ao día seguinte, o xoves, levantámonos ás 8 para ir ao parque Port Aventura. Alí, resumindo, pasámolo de... eso, pasámolo día alí nas atraccións, Dragon Kang, A Estampida, etc... Tamén nos rimos moito cos personaxes de debuxos, como Shrek, Olivia, a moza de Popeye, o Paxaro Loco, etc...



Despois ao chegar ao hotel, duchámonos, ceamos e arreglámonos para saír outra vez pola noite. Fomos á mesma discoteca xa que non pagabamos entrada por ser unha excursión dun instituto, alí había go go's e os camareiros ían sen camiseta, gegegegeg!!! Fomos a esa discoteca todos os días, como para non ir!!!

O Venres fomos a Costa Caribe (parque acuático de Port Aventura). Alí levamos unha gran decepción, porque as atracción que estaban no exterior estaban todas pechadas por que non era temporada de apertura. Entón puxémonos ao sol nas hamacas todo o día, cando nos demos conta, algunha xa estaba malva do sol ou máis ben azul, porque xa non podía poñerse doutra cor. (Estefa)

Ese día pola noite, algúns saíron como os demais días pola noite e as que estábamos queimadas, como non tínhamos ánimos de saír, entón xuntámonos todas nunha habitación e alí botámonos unhas gargalladas!!! jajajaja...

O Sábado, como que nos fixeron madrugar un pouquíiiiiiiiiiiiiñoooooooo... Para ir a Barcelona. Alí vimos a Sagrada Familia, o Parque Güell, todo isto construído por Gaudí. E despois fomos ao Parque de Monjuit. (Todo isto visto cun guía).

Comemos nun campo, onde alí nos atacaron as pombas por tirar unhas migallas de pan. Despois de comer fomos ao cine IMAX, onde alí había unha pantalla 3D. A película que "vimos", máis ben, o documental que "vimos" trataba de Australia, pero non vos podo dicir de que trataba, e non son a única, porque...ZZzzZZzz...ZZzzzzZZzz... (quedámonos durmidos).

Trala película visitamos o Acuario e despois tivemos toda a tarde libre en Barcelona. Paseamos por unha zona onde había tendas como as do mundo celta.

Chegamos ao hotel, algúns foron ao jacuzzi, algúns foron chatear aos ordenadores, ceamos e saímos pola noite ata as 4.30, ese día non durmimos ata as 6 e incluso algúns nin sequera durmiron. Durmimos no bus, e paramos nas mesmas áreas de servizo nas que paráramos anteriormente, ata chegar a Cariño, onde alí nos esperaban os nosos pais en cada unha das paradas nas que ía baixando a xente.

Pasámolo moi ben !!!

Antes de que se me olvide!!!

Grazas a Antonio (filosofía) e Xose (Naturais) por portarse con nosoutros na excursión, porque nos deixaron todos os días ao noso aire!!! E a toda a xente que organizou a excursión!!!



Carolina Ramonde Soto

OS NOSOS ESCRITORES

A Fonte

Na lirota, xunto o río
Hai unha fonte milagreira
Se viñeras meu amigo
Se viñeras para vela

Pode curar as feridas
Por causas namoradeiras
Se viñeras meu amigo
Se viñeras para vela

Cando na lirota vai frío
A fonte fai de caldeira
Se viñeras meu amigo
Se viñeras para vela

Acolle sempre a un cativo
Co calor dunha lareira
Se viñeras meu amigo
Se viñeras para vela

Leticia Bellón López, 4º ESO B.

As plantas cantan

Neste monte de árbores altos
as plantas medran cos anos,
e cantan de alegría.

Neste monte de vellas follas
As sementes saen todas,
e cantan de alegría.

E medran mirado o ceo,
cando as nubes lles dan auga
estas beben sen facer pausa.

E medran bicando ás nubes
cando pasean polas cumes,
e cantan de alegría.

Abel Freire Picos, 4º ESO B.

Mini-poema trobadoresca

Onte se marchou
e non me dixo nada
se puidera vela
se puidera ollala.

Sempre que falabamos
remataba anoxada
se puidera vela
se puidera ollala.

Diríalle que o sinto
e que me perdoara
se puidera vela
se puidera ollala.

E mentres eu a espero
ela nin me chama
se puidera vela
se puidera ollala.

Hugo Caloto López, 4º ESO A.

NO FONDO SUR DA CLASE

No fondo sur da clase
Hai un armario empotrado
¡meu amigo!
¡quen puidera arranxala!

Unha porta lle romperon
E a outra lle quitaron
¡quen puidera arranxala!
¡meu amigo!

E temos que pagala
Porque algún lle den á fala
¡meu amigo!
¡quen puidera arranxala ¡

Agora hai que poñer outras
E non se usan para nada
¡quen puidera arranxala!
¡meu amigo!

Nicolás Iglesias Pena, 4º ESO A.

UNHA DECLARACIÓN DE AMOR

Sería maravilloso poder estar con el, sería estupendo podelo bicar, podelo querer, darlle unha forte aperta, acariñalo con dozura, sentir os seus beizos, o seu corpo, sería un soño.

O seu cariño é algo inalcanzable, a súa calor irresistible. Para min é importante telo, amalo, el é o único que necesito na miña vida. escoitar a súa voz, sentir o susurro de palabras fermosas, dun "ámote" no meu oído.

Pola noite párome a pensar que é o que estará a facer, con quen estará, que pensará, e só chego á conclusión de que é inútil seguir pensando nel, porque o único que consigo recordar é como bicaba a aquela moza, como a abrazaba, e remato por sentir as bágoas escorregar polas miñas meixelas ata chegar ao máis fondo do meu corazón, esnaquizando a miña alma, sentindo envexa desa rapaza que conseguiu que a amase. Ás veces sinto rabia e desexo que non funcione, pero despois doume conta de que o amor é imprevisible, e se están namorados deben ser felices xuntos, ademais o que eu desexo é que el sexa feliz e se iso supón que sexa con outra, respétoo, pero eu non poderei seguir vivindo, non vendo como ela posúe a súa mirada penetrante, os seus ollos negros brillantes e o seu sorriso sempre relucente. Non podo estar soportando esta dor eternamente, acabarei con isto e a miña solución será a morte, unha morte rápida só sentindo a dor pensando que o meu amor nunca foi paixón senón dor.

Anónimo

UN DÍA NA VIDA DO HOMO FLORESIENSIS

No ano 1986 a.c., a miña familia máis eu chegamos a terra despois de 286 días no mar.

Estabamos moi cansos e con certo medo porque non sabiamos onde estabamos, nin se vivía laguen, pero en certo modo bastante contentos porque iamos ter unha nova vida.

Estivemos cinco días andando, buscando un sitio acolledor, aínda que non vimos a ninguén, a min gustoume moito este sitio e meus pais dinme que hai moita comida, a terra é boa e o clima é moi bo.

Por fin paramos nun sitio no medio das montañas, moi verde, con moito alimento. Polas montañas baixaba un río que traía auga moi fresca. A seis minutos estaba o mar. Por certo, chamoume moito a atención que a praia estivera rodeada de cocoteiros, a area era moi fina e de cor amarela. Gústame moito debuxar nela.

Xa estamos explorando a terra, facendo máis ferramentas cadaún no seu posto pero eu aínda non porque son pequeno. Só me deixan cazar e traer algún que outro alimento.

Xa levamos un mes e xa temos a nosa casa. É moy bonita, a min gústame, é de forma redonda, as paredes son de cáñamo, o tellado ten ramas de palmeira e a base de cáñamo. Tamén ten unha ventá e unha porta. No centro da casa está o lume e nós durmimos ao redor. Está rodeada por unha muralla de pedra.

Meus pais levántanme cando sae o sol A meu pai tocoulle traballar a terra con outros homes. É un traballo moi duro e chega sempre rebentado á casa. Logo hai outra serie de homes que se adican á pesca e á caza. Aquí é todo para todos, é como unha comuna.

Miña nai fai a comida e algunha ferramenta para a pesca como as redes, empetan os anzuelos que preparan os homes e moitas cousas máis. Todo o día se está traballando.

Estou ledo de estar aquí, valeu a pena vir até aquí e todo o mundo está contento e feliz. Hoxe pola noite xa teño festa, preparamos carne de elefante para todo o pobo. ¡Xa me tarda! vai ser un día moi especial. Agora téñome que ir, vou coller cos meus amigos o tam-tam.

Alberto Díaz Rodríguez, 4º E.S.O. C

O NENO EMBRUXADO

Un día nun pobo chamado Paraway había un neno chamado Daniel. Unha tarde cando ía polo bosque atopouse cuns nenos e uns animais, el asustouse porque eses animais eran: Un oso, un lobo e unha xirafa. Os nenos díxéronlle:

- Non te asustes, os animais veñen connosco e están domesticados. Os nenos estiveron xogando moito tempo. Ata que un día Daniel quedou cos nenos e eles nos asistiron á cita. Entón Daniel foise e deu un paseo polo bosque. Atopou unha bruxa moi mala, aínda que el non sabía que era así.

Estivo falando con ela e como estaba moi enfadado foise.

A bruxa díxolle:

- Se me deixas aquí, bótoche un conxuro E arrepentiraste do que fixeches.

Daniel non lle fixo caso e empezou a notar algo estraño no seu corpo. Na súa voz e na súa cara.

Era o poderoso conxuro da bruxa, Daniel estíbese a converter en moscón. El pedía axuda aos labradores, pastores ... Ninguén lle facía caso, mentres el berraba.

Meses máis tarde, atopou "aos seus amigos", Aos que un día traizoara. Falou con eles aínda que, como non o coñecían, querían matar, ao ser un moscón. Pero el logrou contarlles o que lle pasara. Eles mataron á bruxa e liberárono do conxuro. Decidiron que nunca se volverían a separar. Agora son uns aventureiros e sempre andan os catro xuntos.

Noelia Pérez Fernández 1º ESO B

SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

A un fermoso lugar de Galicia
Chegou con moita ledicia,
A alma dun santo chamado Andrés
O que o mundo vía do revés.

As cousas mellorar quería
Pensou que dende aquí o faría
Pois axudando ás boas xentes
Podería abrir moitas mentes.

O santo adicouse a curar
A nenos e grandes do lugar,
Pero a súa igrexa visitar
E a súa saúde con fe reclamar.

Santo Andrés de Teixido decidiu quedar
E polo mundo estendeu a sona deste lugar
Ao que de morto terás que vir visitar
Se de vivo non lograches chegar.

Nerea Fontela Ferro, 2º ESO B

O BARCO QUE NUNCA VOLVEU

Un bo día saíu a navegar,
Pero un forte temporal non lle permitiu voltar.

A xente buscábao sen parar,
Pero ningún radar o puido localizar.

O homiño non volveu á terra,
E a muller volveu á súa terra.

A muller non volveu ser feliz,
E o barquiño non volveu aparecer por alí.

Adán Pita Pego 2º ESO A

A IGREXA ENCANTADA DE SANTO ANDRÉS DE TEIXIDO

Hai moitos anos nun pobo pequeno, bonito e lonxe da civilización; oíanse unhas voces que dicían unhas cousas moi raras.

As persoas daquela vila estaban moi preocupadas e asustadas, non sabían que facer porque estaban desconcertadas, Entón o cura do lugar, chamou a un investigador. O investigador, chamábase Xoán, era alto, forte e de pelo loiro, sempre vestía gabardina de cor marrón e un traxe negro co gorro gris. Empezou a percudar, sacaba fotos, gravaba ...


Cando oiu a cinta descubriu unha cousa, que todas as voces procedían da Igrexa. Entón Xoán mandou pechar a igrexa porque a ía investigar.

Ao seguinte día, Xoán meteuse na igrexa e empezou a buscar obxectos e pistas. Cando levantou a alfombra grande, encontrou un sumidoiro e cada vez oíanse máis fortes as voces. Entón Xoán decidiu meterse a buscar máis pistas, pero cando se meteu polo sumidoiro estaba todo escuro e a lanterna quedáralle enriba, nun asento da Igrexa; Xoán intentou subir pero o burato do sumidoiro estaba moi arriba e non lle chegaba. Decidiu investigar ás escuras e seguir as voces. Chegou a unha zona con luz. Como non podía subir pasou alí a noite e ao día seguinte seguiu avanzando. Chegou a un lugar no que atopou mantas, comida bebidas e un colchón, xirou a cabeza para a esquerda e veu unha porta. Intentou abrila e non puido e tivo que rompela. De súpeto veu un rapaz que botou a correr cunha radio e un micrófono na man.

Empezou unha persecución. Cando cegaron a un calexón sen saída, Xoán atrapouno e levouno a carón do cura, saíndo polo sumidoiro da Igrexa, cunha escada que atopara no lugar onde estaba o rapaz. Cando foron xunta ao cura, o rapaz confesou todo e na vila os vilegos quedaron tranquilos grazas ao inspector Xoán. Ao rapaz levárono para un "reformatorio".

Martin Armada Armada 1º ESO B

GOLFIÑO PASATEMPOS: LINGUA GALEGA



MO
MOB
MOA

CLU RI YA

MO
CA DO

E
E
CIA

NA
EN TI
EN

HE
U NHA

PO NÓ

FOR MA
DA

QUE
DE

EN
HHI

LA BA CHÓN

PO LHO

A
CO MOB

CA CHÓN


DU
HUN PRO

BUC TO

Lucía Yáñez Aneiros
2.º E.S.O. A
Tania Ramos Yáñez
2º E.S.O. B

GOLFIÑO PASATEMPOS: INGLÉS

CROSSWORDS PUZZLE



Ángela García Ruíz
1º Bach. B


DOWN:

1. The object that is used for taking our books in.
2. The time when Father Christmas comes.
3. Something that we put on in winter.
4. An insect which stings and is similar to a bee.
5. A person who makes films.
6. An animal which has feathers and is white and beautiful.
7. The person whose job is dancing.
8. The person who doesn't wash.

ACROSS:

1. The person whose job is to collect the rubbish.
2. The place where people go to see dawns.
3. An object that police use to transport criminals.
4. An instrument with strings that we play with our hand. It is typical of Spain.
5. The machine that is used for adding, subtracting, etc.
6. The object that is used for sitting on.
7. The person who is Dad's dad.

GOLFIÑO PASATEMPOS: INGLÉS



ACROSS:

1. Mine is the eighth of January.
3. It's an animal that hates cats.
The object that you receive when you win a race.
5. Plural of an object that you put on your head when it is sunny.
When you are at home for a long time.
7. You do it when you are on the dance floor.
9. The objects that I use when I want to turn on and turn off the lights.

DOWN:

- A. The object that you use when you are sleepy.
You do it when you don't want them to see you.
- B. First person personal pronoun.
- C. It is the opposite of left.
It's the opposite of old.
- D. Consonant that forms the plural.
- E. It's the place where we live with our family.
The object that you use when you want to sit down.
- G. Conjunction that we use for joining words.
It's the job of a teacher.
- I. When you use the guitar.
I answer it when my mother asks me: "Do you need money?".

Daniel Martínez Carrodegua
1º Bach. A


GOLFIÑO PASATEMPOS: MATEMÁTICAS

SOPA DE NÚMEROS

- * 1º Calcula o 43% de 5800.
- * 2º Calcula o 18% de 2830.
- * 3º Que % representa 3634 respecto a 15800?
- * 4º Un libro de 45 euros aumentou o seu prezo nun 12%. Cal é o seu prezo actual?
- * 5º Calcula o x e o y de:

$$3x - 2y = 6$$

$$9x + 4 = 108$$
- * 6º Dun capital de 200 euros colocouse unha parte ó 5% e a outra ó 4%. A primeira produce actualmente 2.80 euros máis cá segunda. Resolve as dúas partes do capital.
- * 7º Divide o número 68 en dous sumandos, para que a diferenza dos seus cadrados sexa 816.



Eloy Dorna Vilela, 3º ESO B, Iago Pérez Rodríguez, 3º ESO B e Miriam Rodríguez Fernández, 3º ESO B.

GOLFIÑO PASATEMPOS: LINGUA CASTELÁ

Don Quijote

Encuentra las palabras subrayadas en el texto en la sopa de letras

Y Don Quijote le dijo:

-Eutar, Sancho, quiere decir regoldar, y este es uno de los más torpes vocablos que tiene la lengua castellana (...)

-En verdad, señor- dijo Sancho- que uno de los consejos y avisos que pienso llevar en la memoria ha de ser el de no regoldar, porque lo suelo hacer muy a menudo

GOLFIÑO PASATEMPOS: LINGUA CASTELÁ

SOPA GALLEGA

Localice entre las letras del recuadro los nombres de doce municipios de la provincia de A Coruña. En todas direcciones y sentidos.

- Cariño •Ferrol •Ortigueira •Visantoña
- Cedeira •Cornide •Muros •San Lorenzo
- Santiago •Laxe •Porto do Son •Dubra

H	L	Y	F	M	I	F	O	Ñ	I	R	A	C	S	G
I	V	O	E	S	X	A	L	M	Ñ	J	I	O	A	B
K	S	U	R	S	A	T	U	F	J	U	V	R	Ñ	O
E	C	O	R	I	Y	N	Z	C	D	N	A	N	O	T
F	R	A	O	N	S	Ñ	L	G	N	L	H	I	T	N
E	X	A	L	L	A	S	E	O	X	E	U	D	N	H
O	R	T	P	A	N	R	S	U	R	T	M	E	A	F
M	U	F	R	O	H	O	I	F	L	E	A	S	S	I
D	L	B	Z	L	D	P	O	E	A	M	N	I	I	B
M	U	C	A	O	S	O	N	R	U	L	O	Z	U	B
D	V	D	T	S	E	R	I	D	F	G	R	V	O	L
P	E	R	U	V	C	E	R	I	Ñ	O	I	L	C	F
C	O	M	O	R	D	C	A	X	O	N	Ñ	T	S	E
P	V	S	N	E	O	G	A	I	T	N	A	S	R	O
U	S	V	C	C	A	G	S	O	R	U	M	L	P	O

Corina Luaces Martínez, Francisco Rodríguez Alonso, Hugo Caloto López, Fátima Barcia Pérez e Sandra Deus Garrote, 4º ESO B.

GOLFIÑO PASATEMPOS: FRANCÉS

Madame Mourreau a perdu son chien. La police a trouvé 5 avec les suivantes caractéristiques:

-**Yeux:** un chien noirs, les autres ont respectivement les yeux marron clair, bleus, verts, gris foncé.

-**Tête:** l'un n'a pas de tâches, les autres ont respectivement une tâche blanche entre les yeux, une tâche noire sur le nez, une tâche blanche aussi mais sous la bouche, deux tâches sur chaque oreille.

-**Queue:** l'un n'a pas de queue, les autres ont respectivement la queue courte, longue, tordue, avec une tâche blanche.

-**Pattes:** l'un a trois pattes, les autres ont respectivement les pattes marrons, blanches, avec une blanche, avec deux noirs.

-**Corps:** deux chiens sont marron, deux sont noirs et le dernier blanc.

-**Nom:** l'un s'appelle Rony, les autres respectivement Luc, Paspertou, Cheau, Pau.

Le chien de Madame Mourreau n'a pas les yeux clairs et ses pattes sont différentes.

Pour répondre, remplissez le tableau de la page ci-contre à l'aide des indications suivantes :


- 1 .- Cheau n'a pas de tâches blanches.
- 2 .- Le chien qui a les yeux noirs a la queue longue.
- 3 .- Luc est le dernier.
- 4 .- Paspartou est à côté du chien qui n'a pas de queue.
- 5 .- Le chien qui a trois pattes est à côté de Luc.
- 6 .- Cheau est au milieu.
- 7 .- Le chien aux yeux marron clair est le premier à gauche.
- 8 .- Paspartou a le queue courte.
- 9 .- Pau est entre le chien qui a les yeux bleus et le chien avec les yeux noirs.
- 10.- Le dernier a la queue longue.
- 11.- Rony n'a pas de queue.
- 12.- Le premier a le corps noir.
- 13.- Le chien qui est au milieu a les yeux bleus.
- 14.- Le seconde à gauche n'a pas de queue.
- 15.- Le chien avec le corps noir est à côté du chien qui a les yeux noirs.
- 16.- Le chien avec le corps marron a une tâche noire sur le nez, dans la tête.
- 17.- Le chien avec le corps blanc est à côté du chien avec le corps marron.
- 18.- Luc a le corps marron.
- 19.- Le chien avec le corps blanc a les yeux bleus.
- 20.- Le chien avec les yeux verts n'a pas de queue.
- 21.- Le chien avec les yeux gris foncé est à côté du chien avec la queue tordue.
- 22.- Paspartou a une tâche blanche entre les yeux.
- 23.- Le chien avec une patte blanche n'est pas à côté du chien avec les pattes blanches.
- 24.- Le chien avec les yeux bleus est à côté du chien avec les pattes marron.
- 25.- Le chien avec trois pattes est à droite du chien avec les pattes blanches.
- 26.- Pau est à gauche du chien avec une tâche sous la bouche, et à droite du chien sans tâches.
- 27.- Pau a deux tâches sur les oreilles et à côté est le chien avec deux pattes noires.



YEUX	Marron clair	Verts	Bleus	Gris foncé	Noirs
QUEUE	Courte	N'a pas queue	Tordue	Tâche blanche	Longue
TÊTE	Tâche blanche	Tâche noire	N'a pas tâche	Deux tâches	Tâche blanche
CORPS	Noir	Marron	Blanc	Noir	Marron
PATTES	Une Blanche	Marron	Blanches	Trois pattes	Noirs
NOM	Paspartou	Rony	Cheau	Pau	Luc

GOLFIÑO PASATEMPOS: FRANCÉS

MOTS CROISÉS



1. ON LES METS AUX PIEDS
2. PAPA NÖEL
3. MEUBLE
4. POUR ACHETER Á DISTANCE
5. "LE SPORT DEL RICHES"
6. MOYEN DE TRANSPORT
7. TRAIN DE GRAND VITESSE
8. VACANCES DE ...
9. NOM DE FEMME
10. LE CHEF DU SOYAUME
11. NOBLE EN GRANDE BRETAGNE
12. L'ENTRÉE DE LA MAISON

Alberto PIÑEIRO
David BALADO
2º Bach. B



**COFINANCIADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA,
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.**